
Escenario 2.D: Só anfitrión



Sumario

- 1 Introdución
- 2 Configuración do adaptador de rede das MVs
- 3 Configuración IP do equipo host
- 4 S.O. Windows en MV en modo só-anfitrión
- 5 S.O. Ubuntu en MV en modo só-anfitrión
- 6 Conectividade das MVs e do Host

Introdución

- Este escenario é unha mistura entre modo **Ponte** e modo **Rede interna**. Neste caso o *switch ficticio* interconecta ás MVs entre elas e co host, pero só co host, non máis alá.

- Para iso, no host faise uso dun interface de rede virtual que serve para interconectar ao host coas MVs e nada máis.
    - No host pódense crear tantos interfaces virtuais como se desexe ou precise. Verase máis adiante.
    - Nun host **Windows** ao instalar o VirtualBox, xa crea un interface de rede virtual no host, que ten un controlador de tipo **VirtualBox Host-Only Ethernet Adapter**.
    - Nun host **Linux** ao instalar VirtualBox **non** se crea ningún interface de virtual no host. Verase a continuación como crealo.

- Este escenario é idóneo para prácticas en clase nas que non se desexa que as MV NON teñan acceso á LAN/Internet pero si entre elas e ademais que cada alumno teña as mesmas IPs (e MACs) nas MVs que o compañeiro. As MMVV poden acceder ao host e este a elas a través dun interface de rede virtual que se crea no host.

Configuración do adaptador de rede das MVs

- Apagar as MVs.

- Configuración do adaptador de rede das MVs en modo *host only*
- 


Ir ao menú **Archivo->Preferencias** de VirtualBox.

- 

No apartado de **Rede**, imos neste caso á pestana de **Redes só-anfitrión** para configurar o interface de só anfitrión no host. Unha vez creado este interface vese no host ubuntu executando nun terminal **ifconfig**. En **Windows** xa hai un interface, creado no momento da instalación, co nome de **VirtualBox Host-Only Ethernet Adapter** e que se pode ver nos interfaces de rede do host. Ambos os dous (interface de rede no host e tarxeta host-only no VirtualBox) teñen a mesma IP.

- 


Editalo. Este interface é como unha nova tarxeta que se lle engade ao host e sobre a cal se monta o switch ficticio. Esta tarxeta vai ter unha IP para o host e incluso pode actuar de servidor DHCP para as Máquinas Virtuais.

- 

Ip que ten por defecto este novo interface para o host.

- 

Configuración do servidor de DHCP para este novo interface. No noso caso non imos facer cambios, pero poderíanse cambiar os datos pola rede que se desexase.

- 

Configuración da interface de rede. Pódese executar no host: **ifconfig** en Linux e **ipconfig** en Windows para ver a súa configuración.

- 

Configurar cada adaptador de rede de **wclient** e **uclient** como adaptador **Só-anfitrión**.

- **IPs a usar**: aquelas que non choquen entre si nas MVs e coa IP que se lle puxo ao interface do host.

Configuración IP do equipo host

- Igual que pasaba no caso anterior, do modo en rede interna, a configuración IP real do sistema *host* non afecta para nada á configuración IP das máquinas.

S.O. Windows en MV en modo só-anfitrión

Para **wclient** configurar a IP de acordo á rede IP posta na tarxeta virtual do host. Por exemplo: 192.168.56.130

S.O. Ubuntu en MV en modo só-anfitrión

Para **uclient** configurar a IP de acordo á rede IP posta na tarxeta virtual do host. Por exemplo: 192.168.56.140

Conectividade das MVs e do Host

Coa experiencia adquirida nos anteriores escenarios o usuario pode realizar as probas de conectividade entre MVs, host, router e exterior, e saber interpretar os resultados obtidos.

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez --